

PLAN EXTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE AMES
PERÍODO 2020-2022

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, a lexislación vixente establece que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións ou os convenios de colaboración que a Corporación poida celebrar.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2020-2022 axustarase ao previsto no presente Plan, tal e como se establece no art. 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Non obstante o anterior, o presente plan poderá verse modificado anualmente para a inclusión ou exclusión de liñas de subvención en función das necesidades que se xeren o municipio.

ARTIGO 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión.

ARTIGO 3.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras e/ou convocatorias da súa concesión acomodaranse en cada momento aos devanditos obxectivos.

ARTIGO 4.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ames ten carácter programático e a súa aprobación non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos, polo tanto a súa efectividade queda supeditada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

CAPÍTULO II. PRINCIPIOS XERAIS DO PLAN

ARTIGO 6.

Son principios xerais deste Plan os seguintes:

- Publicidade e libre concorrencia mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade e concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coa debida consignación orzamentaria previa.

- Concesión conforme a criterios obxectivos previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcadas e eficiencia na asignación de recursos públicos, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente.
- Control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

ARTIGO 7.

Unicamente caberá prescindir do procedemento ordinario de concesión de subvencións, que será o de concorrencia competitiva, nos seguintes casos:

- a) As previstas nominativamente no Orzamento Xeral da Entidade.
Nas bases de execución do orzamento indicaranse as subvencións deste tipo, que se formalizarán mediante Convenio no que se determinará a forma de pago e a xustificación da subvención.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia Normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

CAPÍTULO III. BENEFICIARIOS E MATERIAS NAS QUE SE ESTABLECERÁN SUBVENCIÓNS

ARTIGO 8.

O Concello concederá subvencións a favor de persoas, asociacións ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 9.

O Concello establecerá anualmente subvencións nas materias que se indican no Anexo ao presente Plan, que contén para cada unha das subvencións previstas:

- ✚ os obxectivos que se pretenden alcanzar
- ✚ a modalidade de concesión aplicable
- ✚ os destinatarios aos que van dirixidas
- ✚ o importe económico

CAPÍTULO III. CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN

ARTIGO 10.

O control financeiro dos programas subvencionados está encomendado á Intervención Xeral, que respecto diso analizará as datas reais de pago dos importes subvencionados con relación ás datas previstas en cada expediente, así como os medios de pago utilizados e a correcta xustificación dos extremos requiridos a cada beneficiario para a obtención da subvención.

A Intervención Municipal poderá elaborar os modelos de xustificación de subvencións que faciliten a fiscalización das mesmas.

ARTIGO 11.

Este Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 entrará en vigor unha vez aprobado polo Pleno da Corporación e publicarse para o seu xeral coñecemento na Páxina web do concello de Ames.

Finalizada a vixencia do Plan, e antes da elaboración do seguinte, os responsables dos departamentos promotores das diferentes liñas de subvención deberán presentar ante o órgano concedente das subvencións unha memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

ANEXO I

ANEXO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE AMES. PERÍODO 2020-2021-202

SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO 2020	CUSTE ANUAL PREVISTO 2021	CUSTE ANUAL PREVISTO 2022	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Modificacións/Observacións
Axudas a agrupación de voluntarios de Protección civil de Ames para gastos de funcionamento ordinario	17.000,00	17.000,00	17.000,00	135-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa-Convenio	

SUBVENCIÓN EN MATERIA DE MEDIOAMBIENTE

LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO 2020	CUSTE ANUAL PREVISTO 2021	CUSTE ANUAL PREVISTO 2022	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Modificacións/Observacións
Axudas para a promoción de medidas preventivas mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de franxas secundarias de xestión de biomasa	13.000,00	13.000,00	13.000,00	1728-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	

SUBVENCIONS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCION SOCIAL.

LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO 2020	CUSTE ANUAL PREVISTO 2021	CUSTE ANUAL PREVISTO 2022	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDE- MENTO DE CONCESIÓN	Modificacións/Observacións
Axudas de emerxencia social - Renda social Municipal	200.000,00	200.000,00	200.000,00	2311-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Subvencións Familias Numerosas	110.000,00	110.000,00	110.000,00	2311-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Subvencións para actividades de promoción social	40.000,00	40.000,00	40.000,00	2312-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Subvención Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	6.298,82	6.298,82	6.298,82	2312-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio	

SUBVENCIONS EN MATERIA DE EDUCACIÓN

LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO 2020	CUSTE ANUAL PREVISTO 2021	CUSTE ANUAL PREVISTO 2022	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Modificacións/Observacións
Subvención axudas libros	15.000,00	6.500,00	6.500,00	3261-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	En 2020 dúas convocatorias para os cursos 2019/2020-2020/2021
Subvención ANPAS	40.000,00	40.000,00	20.000,00	3261-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	En 2020 na mesma convocatoria actividades 2018-2019 . En 2021 na mesma convocatoria actividades 2020-2021. E en 2022 convocatoria para actividades 2022,

SUBVENCIÓN EN MATERIAL DE PROMOCIÓN CULTURAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO 2020	CUSTE ANUAL PREVISTO 2021	CUSTE ANUAL PREVISTO 2022	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Modificacións/Observacións
Subvención Entidades culturais e sociais	30.000,00	60.000,00	30.000,00	3341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	En 2020 convocatoria de actividades 2019.
Subvencións Festas populares	30.000,00	50.000,00	25.000,00	3341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	En 2020 convocatoria de actividades 2019. En 2021 convocatoria actividades 2020-2021. En 2022 convocatoria actividades 2022
Premios de bibliotecas	1.000,00	1.000,00	1.000,00	3321-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Premios cartas Reis	500,00	500,00	500,00	3341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Premios Teatro lido	600,00	600,00	600,00	3341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Premios certame intercentros	1.424,00	1.424,00	1.424,00	3341-48 e3342-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Premios certame literario	4.000,00	4.000,00	4.000,00		Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Premios entroido	4.050,00	6.150,00	6.150,00	338-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Premios dinamización da lingua no sector económico	3.000,00	3.000,00	3.000,00	3343-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	Recóllese esta nova liña de subvencións dentro da área de normalización lingüística destinada á promoción do galego no sector económico

SUBVENCIÓN EN MATERIA DE DEPORTES

LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO 2020	CUSTE ANUAL PREVISTO 2021	CUSTE ANUAL PREVISTO 2022	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Modificacións/Observacións
Subvención entidades deportivas	75.000,00	75.000,00	75.000,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Subvención a entidades deportivas para realizar programas de escolas deportivas	30.000,00	60.000,00	60.000,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	Esta liña de subvencións iniciase en setembro de 2020 (ten carácter plurianual): 30.000 € para gastos de setembro-décembro 2020 e 30000 para gastos de xaneiro a xullo de 2021.
Subvención	28.000,00	28.000,00	28.000,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional	Nominativa-	A chega 2020 refírese os gastos da

LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO 2020	CUSTE ANUAL PREVISTO 2021	CUSTE ANUAL PREVISTO 2022	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Modificacións/Observacións
Bertamiráns Clube de Fútbol					senalada	Convenio	tempada 2019-2020 . Achega 2021 refírese a gastos da tempada 2020-2021. Refírese os gastos da tempada 2021-2022.
Subvención Milladoiro S.D	13.000,00	13.000,00	13.000,00	341-48	Fondos propios con cargo á funcional senalada	Nominativa-Convenio	A chega 2020 refírese os gastos da tempada 2018-2019 . Achega 2021 refírese a gastos da tempada 2019-2020. Refírese os gastos da tempada 2020-2021.

SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

LIÑA DE SUBVENCIÓN	CUSTE ANUAL PREVISTO 2020	CUSTE ANUAL PREVISTO 2021	CUSTE ANUAL PREVISTO 2022	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Modificacións/Observacións
Premios concurso de escaparatismo	4.500,00	4.500,00	4.500,00	4314-47	Fondos propios con cargo á funcional senalada	Concorrenca competitiva	
Premios concurso de ideas empresariais	2.500,00	2.500,00	2.500,00	4314-47	Fondos propios con cargo á funcional senalada	Concorrenca competitiva	
Premios gala emprendedores	7.000,00	7.000,00	7.000,00	4314-47	Fondos propios con cargo á funcional senalada	Concorrenca competitiva	
Subvención fomento Comercio Local	40.000,00	20.000,00	20.000,00	4314-47	Fondos propios con cargo á funcional senalada	Concorrenca competitiva	No 2020 financiaranse as actividades de 2019 e 2020.

O alcalde

José M. Miñones Conde